

# ANPA LANDRAS

CEIP MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI  
LAVACOLLA – SANTIAGO DE COMPOSTELA



PROTOCOLO E NORMATIVA INTERNA DE ACTIVIDADES  
EXTRAESCOLARES PROMOVIDAS POLA ANPA NO CEIP  
MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI

CURSO 2022-2023 (versión 1 – Setembro 2022)

Este protocolo pode verse alterado durante o curso escolar para adaptalo a novas esixencias ou necesidades.

## ÍNDICE

<u>ANTECEDENTES</u>	3
<u>INTRODUCCIÓN</u>	3
<u>OBXECTIVOS</u>	3
<u>PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES</u>	3
<u>DISTRIBUCIÓN</u>	3
<u>CATÁLOGO</u>	4
<u>DATOS DAS EMPRESAS E ORGANIZACIÓN</u>	7
<u>PROTOCOLOS DE FUNCIONAMENTO</u>	10
<u>NORMAS ORGANIZATIVAS PREVIAS</u>	10
<u>NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</u>	10
<u>NORMAS RELATIVAS Á DURACIÓN, ENTRADAS E SAÍDAS</u>	11
<u>NORMAS RELATIVAS Á UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS</u>	11
<u>NORMAS RELATIVAS A SÍNTOMAS OU CONTAXIOS</u>	12
<u>NORMAS RELATIVAS Á CANCELACIÓN DE ACTIVIDADES</u>	12

## **ANTECEDENTES**

### **INTRODUCCIÓN**

As actividades extraescolares forman parte da vida ordinaria da comunidade educativa, promovidas pola ANPA e coa colaboración das familias e do centro escolar. Trala mala experiencia dun curso e medio sen este lugar de actividade, aprendizaxe, relación, deporte, conciliación; entendemos moi necesario voltar con elas.

Para a organización destas actividades é imprescindible contar cunha ferramenta que garanta a seguridade de todas as usuarias e do persoal que as atenda.

### **OBXECTIVOS**

Por iso, esta asociación ten a pretensión de traballar no desenvolvemento dos costumes e prácticas comunitarias, colectivas e familiares, deseñando lugares de xogo, de comunicación e de convivencia entre as crías do noso colexio, facilitándolles a vida en común e a relación entre iguais, e tamén creando para elas un espazo de seguridade e comodidade nas súas horas non lectivas; con esa pretensión programaremos as actividades e horarios dirixidas á rapazada que abaixo se relacionan.

Programaremos tanto actividades que xa tiñan acollida no centro en anteriores cursos, actividades dinámicas, e actividades que saquen o máximo rendemento á nosa Sala Escolar 1, con pistas de competición que se adapten o pavillón de 10x20 m.

## **PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

### **DISTRIBUCIÓN**


A modo resumido (detallarase máis adiante), os espazos do centro escolar nos que se desenrolarán as actividades serán os patios, o pavillón, a aula de música, o aula de inglés ou o espazo de psicomotricidade. O pavillón ten acceso propio independente (A) do resto do centro, pero está comunicado (D) co mesmo e conta con dous aseos individuais de seu. As aula de música, inglés e psicomotricidade están no primeiro andar do edificio sur (educación infantil) e no baixo do mesmo edificio, e contan cun aseo dobre de uso compartido no primeiro e no segundo andar. Accederase a el pola porta entrepatrios (D), accedendo sempre pola entrada das familias do centro escolar (A).

O pavillón é un espazo amplo (200 m<sup>2</sup>), diáfano e novo, dotado de sistema de ventilación mecánica, no que programaremos as actividades deportivas ou que precisen mais espaxamento. As salas do edificio sur teñen 50-54 m<sup>2</sup>, están dotadas de mobiliario (mesas, cadeiras e estantes), e nelas programaremos as actividades máis reducidas e de maior proximidade. Dependendo do número final de actividades

(segundo matrícula definitiva), estas salas poderán alternarse e desprazar horarios para evitar cruces e mesturas nas entradas e saídas ou acomodar mellor ás actividades que saian definitivamente.

Ambas zonas (pavillón e salas) contan con zona exterior, para poder realizar as actividades no exterior, se o tempo acompaña. A maiores tamén contamos co apoio da biblioteca, para a actividade de lectura, no edificio sur (educación infantil).

O horario xeral das actividades extraescolares no centro será de luns a venres de 16:30 a 18:30 horas.



## CATÁLOGO

- 1 Actividade de **Tenis de mesa (6 a 12 anos)**, en horario de 16:30 a 17:30 os luns de cada semana, que se realizará no pavillón. Imparte a actividade Arteal (<http://www.arteal.es/tenisdemesa/>), un clube de Santiago con experiencia en formación e niveles de competición. Ten un custo de 13 €/mes por crianza con 1h por semana.
- 2 Actividade de **Baile tradicional**, en horario de 16:30 a 17:30 os luns de cada semana, que se realizará nunha das aulas do primeiro andar, está impartida por Actex (<https://www.actex.es/>), empresa con anos de traballo co Xixirei e moitos outros colexios de Galicia. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).

- 3 Actividade de **Basket**, en horario de 17:30 a 18:30 os luns e venres de cada semana, que se realizará no pavillón ou nas pistas exteriores. Imparte a actividade Galogrín (<http://galogrin.es/>), un clube de Santiago con experiencia en formación de crianzas, niveles de competición e conta con monitores federados para todas as categorías. Inda non tendo unha pista regulamentaria cuberta, adaptaremos o pavillón para o adestramento, 3x3, etc. Ten un custo de 10 €/mes por crianza con 1h por semana e 18 €/mes 2 h/sem.
- 4 Actividade de **Pandeireta**, en horario de 17:30 a 18:30 os luns de cada semana, que se realizará nunha das aulas do primeiro andar ou no exterior, tamén está impartida por Actex. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).
- 5 Actividade de **Karate I (3 a 6 anos)**, en horario de 16:30 a 17:20 os martes e os venres (*mixta 3 a 12 anos*) de cada semana, que se realizará no pavillón. Imparte a actividade o Clube de Karate de Valga (<https://www.instagram.com/karatevalga/?hl=es>), que conta con profesionais federadas e formadas no Avalón Kai de Sar. O curso pasado xa acadaron as crías do Xixirei un monte de cintos amarelos e branco-amarelos. Ten un custo de 20 €/mes por crianza con 1h por semana e 20 €/mes por crianza con 2h por semana.
- 6 Actividade de **Baile moderno I (3 a 6 anos)**, en horario de 16:30 a 17:30 os martes de cada semana, que se realizará nunha das aulas do primeiro andar, tamén está impartida por Actex. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).
- 7 Actividade de **Predeporte (3 a 6 anos)**, en horario de 16:30 a 17:30 os martes de cada semana, que se realizará no exterior e no aula de psicomotricidade, tamén está impartida por Actex, e contará con deportes variados e dinámicos adaptados ás crianzas mais pequenas. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).
- 8 Actividade de **Karate II (7 a 11 anos)**, en horario de 17:30 a 18:30 os martes e de 16:30 a 17:30 os venres de cada semana, que se realizará no pavillón. Ten un custo de 20 €/mes por crianza con 1h por semana e 20 €/mes por crianza con 2h por semana.
- 9 Actividade de **Baile moderno II (7 a 11 anos)**, en horario de 17:30 a 18:30 os martes de cada semana, que se realizará nunha das aulas do primeiro andar, tamén está impartida por Actex. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).
- 10 Actividade de **Patínaxe I (3 a 6 anos)**, en horario de 16:30 a 17:30 os mércores de cada semana, que se realizará no pavillón, tamén está impartida por Actex.

- 11 Actividade de **Inglés lúdico** en horario de 16:30 a 17:30 os mércores de cada semana, que se realizará nunha das aulas do primeiro andar, tamén está impartida por Actex. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).
- 12 Actividade de **Divertidanza (3 a 6 anos)**, en horario de 16:30 a 17:30 os mércores de cada semana, que se realizará no exterior e no aula de psicomotricidade, tamén está impartida por Actex, e contará con xogos, movemento, ludoteca sempre co acompañar da música. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).
- 13 Actividade de **Patínaxe II (7 a 11 anos)**, en horario de 17:30 a 18:30 os mércores de cada semana, que se realizará no pavillón, tamén está impartida por Actex. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).
- 14 Actividade de **Bádminton** en horario de 16:30 a 17:30 os xoves de cada semana, que se realizará no pavillón. Imparte a actividade o Clube de Badminton da Estrada (<https://es-la.facebook.com/badmintonaestrada/>), a través do presidente da federación galega. Clube con grandes campións na súa escola e con niveles de competición. Ten un custo de 10 €/mes por crianza con 1h por semana.
- 15 Actividade de **Teatro (3 a 11 anos)** en horario de 16:30 a 18:00 os xoves de cada semana, que se realizará no aula de psicomotricidade. Imparte a actividade María Méijome, e traballará máis aló do artístico, favorecendo o desenvolvemento das habilidades, capacidades das persoas, potenciando a expresividade e a comunicación. Ten un custo de 20 €/mes por crianza con 1,5 h por semana.
- 16 Actividade de **Obradorio-Arte (3 a 6 anos)**, en horario de 16:30 a 17:30 os xoves de cada semana, que se realizará nunha das aulas do primeiro andar, tamén está impartida por Actex, e contará con ludoteca, expresións artísticas, e actividades variadas de creación. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).
- 17 Actividade de **Ximnasia Rítmica (3 a 11 anos)**, en horario de 17:30 a 18:30 os xoves de cada semana, que se realizará no pavillón, tamén está impartida por Actex. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).
- 18 Actividade de **Linguaxe de Signos (6 a 11 anos)**, en horario de 17:30 a 18:30 os xoves de cada semana, que se realizará nunha das aulas do primeiro andar, tamén está impartida por Actex, e contará con ludoteca, expresións artísticas, e

actividades variadas de creación. Ten un custo de entre 12 e 15\* €/mes por crianza con 1h por semana (dependendo da matriculación total).

- 19 Actividade de **Biblioteca (6 a 11 anos)** en horario de 16:30 a 17:30 de martes a venres de cada semana, que se realizará na propia biblioteca, na que as crianzas de primaria matriculadas nalgunha actividade de segunda quenda, ou as fillas das adultas matriculadas no taller de familias dos mércores, poderán estar lendo ou traballando na biblioteca, respectando as normas da biblioteca, acompañadas pola mestra de garda de cada día do Ceip. Esta actividade non dirixida é de balde.
- 20 Actividade de **Taller de familias (18 a 99 anos)**, en horario de 16:30 a 17:30 os mércores alternos, os das semanas pares do ano, que se realizará nunha das aulas do primeiro andar. Impartida por Abelardo Mazari, mestre e formador con ampla experiencia, e pai do Xixirei, está pensada para darlle ás adultas responsables das crianzas apoio no acompañamento nas materias de estudo, ferramentas de traballo didáctico, e outras para entender as metodoloxías e temáticas do currículo escolar, sempre indo por diante o desenrolo e medrar das pequenas persoñas que xa son. Esta actividade é de balde.

Por outra parte, e coa intención de favorecer a participación das familias no centro escolar, temos a intención de realizar as seguintes actuacións, dentro do curso escolar 2022-2023:

- 1 Charlas de pedagogías, materias académicas, educación, crianza, etc.
- 2 Obradoiros de igualdade, violencia de xénero, disciplina positiva, alimentación saudable, límites e relación coas crías, etc.
- 3 Xuntanzas comunitarias para obradoiros no Ceip, asembleas, actividades culturais, etc.
- 4 Asistencia ás crías e mestrado no servizo de biblioteca das tardes.

Para este cuarto punto, todas as familias estades convidadas a, nese tempo que pasan as crianzas no centro, poder ir días soltos a impartir algunha actividade, formación, obradoiro, xogo, ou o que sexa que vos apeteza e teñades a habilidade para compartilo coas crianzas. So tendes que comunicárnolo para podelo organizar.

A Anpa realizará as actividades de seu preferentemente ó ar libre ou no pavillón multiusos, podendo utilizar algunha sala mais específica se a actividade o requirise coa autorización do centro.

## DATOS DAS EMPRESAS

As empresas contratadas encargadas de execución das actividades, os seus

responsables, monitores e contactos son os seguintes:

1. Actividades Lúdicas Galicia SL (B27791086) Actex:
  1. Responsable: Verónica Martínez Pardo (coordinadora) (dni 78797073Q)
  2. Monitoras/monitores (e teléfonos):  
Por confirmar
  3. Dirección: Camiño Igrexa 110, 36314 Vigo
  4. Teléfono: 691475060
  5. Correo-e: veronicamartinez@actex.es santiago@actex.es
  6. Actividades: Baile tradicional, Ximnasia rítmica, Pandeireta, Baile moderno, Patinaxe, Predeporte, Inglés lúdico, Divertidanza, Obradoiro-arte e Linguaxe de signos.
  
2. Club Karate de Valga (G70425277):
  1. Responsable: Serafín Pedrouso Puga (dni 44823264J) 650927199
  2. Monitoras/monitores (e teléfonos):
    - a) Lorena Álvarez Fernández (dni 35598099X) 689179900
    - b) Andrea Gestoso Castroagudín (dni 35600734T) 662543831
    - c) Ana Otero Losada (dni 35599889Y) 681115584
  3. Dirección: Devesa 43 D Campaña, Valga
  4. Teléfono: 689179900
  5. Correo-e: anpa.karatevalga@gmail.com
  6. Actividades: Karate
  
3. Arteal tenis de mesa (G15711369):
  1. Responsable: Pablo Lois González (director) 636478145
  2. Monitora/monitor: Gerusa da Rosa Acordi Manhani (dni 0Y7490878E)
  3. Dirección: Vía Edison 26, pol ind Tambre, 15890 Santiago de Compostela
  4. Teléfono: 636478145
  5. Correo-e: pablo@arteal.es
  6. Actividades: Tenis de mesa
  
4. Club Badminton A Estrada (G36236511):
  1. Responsable: María Julia Rivas Custodio (presidenta) 670083596
  2. Monitora/monitor: Rodrigo Sanjurjo Pose (dni 33281225H)
  3. Dirección: Av. De la Cultura s/n, 36680 A Estrada
  4. Teléfono: 630432524
  5. Correo-e: cetdbadmintonaestrada@gmail.com
  6. Actividades: Bádminton
  
5. María Méijome Madriñán (76824358B ):
  1. Responsable e Monitora: María Méijome Madriñán 652037682



2. Dirección: Regoufe 59, 15883 Teo
  3. Teléfono: 652037682
  4. Correo-e: mjmeijome2@gmail.com
  5. Actividades: Teatro
- 
6. Club deportivo Galogrín (G70466685):
    1. Responsable: Jesús Souto Bran (director deportivo) 699548902
    2. Monitora/monitor: Pendente confirmar
    3. Dirección: Urb. Os Verxeles 22, 15886 Teo
    4. Teléfono: 699548902
    5. Correo-e: cdgalogrin@gmail.com
    6. Actividades: Básiquet

## ORGANIZACIÓN

As actividades extraescolares do Ceip Mestre Rodríguez Xixirei de Lavacolla están organizadas pola Anpa, dentro do recinto e horario do centro escolar e executadas por varias empresas dedicadas a este fin.

Os contactos para comunicación e actuación en caso de calquera tipo de emerxencia son os seguintes:

### Anpa:

Organizador/Secretario: Martín García Piñeiro

[servizos@asociacionceiplavacolla.org](mailto:servizos@asociacionceiplavacolla.org)

684306147 - 649580802

Coordinadora/Organizadora: Ana Domínguez Vivero

[servizos@asociacionceiplavacolla.org](mailto:servizos@asociacionceiplavacolla.org)

677242746

### Ceip:

Dirección: Natalia Iglesias González

[ceip.mestre.rodriguez.xixirei@edu.xunta.gal](mailto:ceip.mestre.rodriguez.xixirei@edu.xunta.gal)

881866471

Secretaria: Lorena Toimil Mato

[ceip.mestre.rodriguez.xixirei@edu.xunta.gal](mailto:ceip.mestre.rodriguez.xixirei@edu.xunta.gal)

881866471

Biblioteca: Ángeles Souto Louzao

[ceip.mestre.rodriguez.xixirei@edu.xunta.gal](mailto:ceip.mestre.rodriguez.xixirei@edu.xunta.gal)

881866471

Conserxería: Carmiña

881866469

## **PROTOCOLOS DE FUNCIONAMENTO PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CURSO 2022-2023**

### **NORMAS ORGANIZATIVAS PREVIAS**

Serán usuarias das actividades extraescolares da ANPA Landras do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei de Lavacolla as alumnas e alumnos do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei que desexen participar nas mesmas, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- 1 Traer asinada, cuberta e entregada, por parte das súas nais-pais-titoras ou titores a ficha de inscrición na que se acepta coñecer e respectar estas normas e protocolo.
- 2 Estar ó corrente de pago das cotas de cada actividade.

Non se permitirá a entrada nas actividades a outras persoas que non sexan o persoal monitor, mestra de garda, o alumnado, e a persoa ou persoas en quen a ANPA delegue a función de control e seguimento de cadansúa actividade, salvo que indiquen o contrario as monitoras, Anpa ou Ceip.

### **NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE**

- 1 Limpeza, desinfección e hixiene mínimas: as empresas que realizan as actividades encargarase tamén da limpeza das dependencias do centro utilizadas para o seu desenvolvemento, así como da moblaxe e utensilios empregadas. Esta limpeza realizarase cando remate a actividade, previo ó inicio da seguinte e respectando os horarios. As crianzas inscritas en cada actividade axudarán e colaborarán coas monitoras nesta tarefa.
- 2 A limpeza dos baños e aseos indicados para o uso de cada actividade será levada a cabo polo persoal de limpeza dos centros escolares.
- 3 Ventilación: ventilaranse as dependencias utilizadas durante os primeiros e últimos cinco minutos nos que se realice cada actividade, e permanecerán ventilándose nos tempos nos que o espazo estea baleiro como consecuencia dos intercambios de alumnado. Deberanse abrir fiestras e portas de fachadas opostas para que o aire atravesa o local. Esta ventilación mellorará a calidade do aire interior das aulas.
- 4 As actividades realizaranse durante todo o curso escolar nas mesmas dependencias, que se concretan no plan de actividades da asociación, agás de que a conveniencia organizativa do centro faga aconsellable un cambio. De existir este cambio, entenderase que esa será a nova localización da actividade dende ese momento.
- 5 Inicialmente, prevese un máximo de 15 crías por espazo e actividade, pero será o criterio de cada empresa e monitor, coa aceptación da Anpa, segunda o tamaño de

cada sala, as súas condicións e a tipoloxía da actividade quen determine se puidera aumentar ate un máximo de 25 nas aulas e 50 no pavillón

- 6 Na actividade de Lectura na biblioteca, o número máximo de crías será co mesmo criterio que no anterior punto, 15 a 25.
- 7 Todos os grupos de actividades teñen a pretensión de estabilidade, tanto de alumnado como de monitorado, durante o curso académico, realizándose unha matrícula inicial que dará lugar a un rexistro básico no que permanentemente hanse ir anotando as posíbeis variacións de altas e/ou baixas.
- 8 Levarase un rexistro do alumnado que asiste a cada sesión de cadansúa actividade. A responsabilidade de todos os rexistros corresponderalle á empresa que imparte cadansúa actividade. A ANPA levará un control de seguimento da existencia e actualización destes rexistros, que a empresa organizadora da actividade lle facilitará por correo electrónico mensualmente.
- 9 A composición do alumnado de cadansúa actividade realizarase procurando agrupalo por idades similares, e mesmo, de ser posíbel, por cursos ou ciclos.

#### NORMAS RELATIVAS Á DURACIÓN E ÁS ENTRADAS E SAÍDAS DA ACTIVIDADE

- 1 O alumnado entrará no centro pola porta A (porta das familias), e sairá pola mesma. As actividades que se desenvolvan no pavillón terán a entrega de crianzas na propia porta do pavillón e as das aulas do edificio sur terán a entrega de crianzas na porta D (verxa entrepatios)
- 2 As actividades extraescolares terán unha duración xenérica de 60 minutos, coas variacións de cada unha. Comezarán puntuais (rogando respecto por unha actividade iniciada), ao rematar levarase ao alumnado ao punto que se indicou na liña 1 deste apartado, onde será recollido polas persoas autorizadas para abandonar o centro escolar. No caso de que un/ha menor non sexa recollida-o á hora prevista, o persoal monitor informará ao responsábel do centro presente nese momento quen se fará cargo del/a ata a chegada da adulta responsable.
- 3 No caso daquel que se incorpore despois a outra actividade na que estea matriculada-o, será entregado á persoa monitora da seguinte actividade na porta física de cada un dos edificios, ou no porta D (valado inter-edificios Ceip). Os monitores primeiro entregarán as crías que marchan para a casa e logo as que van a seguinte actividade.

#### NORMAS RELATIVAS Á UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS

- 1 Cada actividade utilizará as dependencias, baños, entradas e saídas que teña establecidas no plan de actividades da ANPA coas seguintes peculiaridades:
  - 1.a Hixiene; recoméndase fomentar a responsabilidade das crianzas na súa hixiene básica (habendo sempre xabón e/ou xel hidroalcolico nas dependencias), e tamén no respecto á limpeza das instalacións.

- 1.b Os aseos, que terán o control de aforo que permita a lexislación vixente, permitirán o lavado de mans con auga e xabón cando menos durante 40 segundos cando estean visiblemente sucias.
- 1.c Cada espazo destinado á realización de actividades contará cunha zona delimitada para que o alumnado garde os seus obxectos persoais. Esta zona será a mesma durante todo o curso e informarse ao centro da súa localización permanente.

#### NORMAS RELATIVAS Á SAÚDE

1. No caso de que unha alumna inscrita presente síntomas de calquera tipo de enfermidade, ou malestar, rógase empregar o sentido común, non levando á crianzas ás actividades, con fin respectar ás compañeiras e monitoras, evitando así posibles contaxios ou molestias na realización da actividade.
2. Cando unha crianza presente algún síntoma ou malestar no transcurso da actividade, se manque, ou calquera outra continxencia, o monitorado avisará ás persoas responsábeis do alumnado para a súa recollida e ó responsable do Ceip nesa garda, para que poida atendela mestres a veñan a recoller.
3. No caso de que os puntos anteriores lle acontezan a unha persoa monitora, esta avisará á responsable da garda do Ceip e a Anpa para que podan proceder a xestionar a axuda e posibles alteracións da actividade.

#### NORMAS RELATIVAS Á CANCELACIÓN DE ACTIVIDADES

Todas as actividades extraescolares da Anpa están suxeitas á evolución das matrículas, altas, baixas, cambios no centro, e demais condicionantes da organización e execución das mesmas. Será a Anpa quen valore, coas empresas é o Ceip, as posibles modificacións ou cancelacións que puideran acontecer durante o curso.

#### DISPOSICIÓN ÚLTIMA:

As empresas contratadas para a xestión das actividades extraescolares asinarán expresamente, xunto co seu persoal contratado no caso de non ser empresas unipersoais, este protocolo e normativa interna, o que será compromiso do seu coñecemento e garantía da súa responsabilidade no cumprimento.

Anpa Landras do Ceip Mestre Rodríguez Xixirei, a 16 de Setembro de 2022